



### XUNTA DE GALICIA

#### XEFATURA TERRITORIAL DA CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA. DELEGACIÓN TERRITORIAL DE LUGO

##### Anuncio

#### **Resolución do 17 de xuño de 2020 da Xefatura Territorial de Lugo pola que se concede a autorización administrativa previa e de construción dunha instalación eléctrica no concello de Carballedo. (expediente IN407A 2020-16AT)**

Visto o expediente para outorgamento da autorización administrativa previa e de construción para a instalación eléctrica que a continuación se describe:

- Solicitante: Unión Fenosa Distribución S.A.
- Domicilio Social: A Batundeira, 2. Velle. Ourense
- Denominación: "CT, LUGAR PRADEDA DE ARRIBA 1 (CARBALLEDO)"
- Situación: concello de Carballedo
- Características técnicas:
  - Substitución do transformador existente (50 KVA) no CT 27AG74 Panadería por outro de 100KVA e relación de transformación de 20.000/400-230V.

Cumpridos os trámites ordenados na Lei 24/2013, do 26 de decembro, (BOE núm. 310) do sector eléctrico e no título VII, capítulo II do Real Decreto 1955/2000, do 1 de decembro (BOE nº 310), polo que se regulan as actividades de transporte, distribución, comercialización, subministración e procedementos de autorización de instalacións de enerxía eléctrica, no Real Decreto 337/2014, de 9 de maio, polo que se aproba o regulamento sobre condicións técnicas e garantías de seguridade en instalacións eléctricas de alta tensión e as súas instrucións técnicas complementarias e na Resolución de 19 de febreiro de 2014, da Dirección Xeral de Enerxía e Minas, pola que se aproba o procedemento de autorización administrativa de construción (D.O.G. núm. 54 de 19 de marzo), así como na Lei 5/2017, do 19 de outubro, de fomento da implantación de iniciativas empresariais en Galicia, esta xefatura territorial, de acordo cas competencias que resultan dos Decretos 135/2017 do 28 de decembro, polo que se crea e establece a estrutura orgánica da consellería, y tendo en conta o Decreto 9/2017, de 12 de xaneiro, sobre órganos competentes para autorización de instalacións eléctricas na Comunidade Autónoma de Galicia, **resolve**:

Conceder a autorización administrativa previa e de construción a ditas instalacións, cuxas características se axustarán en tódalas súas partes ás que figuran no seu proxecto e as condicións técnicas e de seguridade establecidas nos regulamentos de aplicación e nos condicionados establecidos polos ministerios, organismos ou corporacións que constan no expediente, independentemente das autorizacións, licencias ou permisos de competencia municipal, provincial ou outros necesarios para a realización das obras das instalacións autorizadas.

O prazo de posta en marcha das instalacións que se autorizan será de doce meses, contados a partir da data da última autorización administrativa necesaria para a súa execución.

Contra esta resolución poderase interpor recurso de alzada ante o conselleiro de Economía, Emprego e Industria no prazo dun mes, a partir do día seguinte o da notificación ou publicación desta resolución; tamén se poderá interpor calquera outro recurso que estime pertinente o seu dereito.

Lugo, 17 de xuño de 2020.- A Xefa Territorial, Pilar Fernández López.

R. 1334

## CONCELLOS CASTROVERDE

### Anuncio

O Pleno da Corporación, na sesión extraordinaria que tivo lugar o día 10 de xuño de 2020, á que asistiron dez dos once concelleiros que legalmente a compoñen adoptou, por unanimidade, o seguinte acordo:

Convalidar o Decreto 54/2020, do 23 de abril, do teor literal seguinte:

#### **EXPEDIENTE 2/2020. SUPLEMENTO DE CRÉDITO, FINANCIADO MEDIANTE ANULACIÓNS OU BAIXAS DE CRÉDITOS DOUTRAS APLICACIÓNS.**

Visto que, con data do 17 de abril de 2020, ten entrada no Rexistro Xeral do concello co número 230, escrito do Grupo Municipal Socialista que, como se acredita co certificado de Secretaría, é do teor literal seguinte:

*“Dona Isabel Pérez García, con DNI..., con domicilio en ..., portavoz do Grupo Municipal Socialista de Castroverde comunica ó Concello de Castroverde que este Grupo Municipal renuncia á asignación a este Grupo correspondente ó 1º trimestre deste ano, co obxecto de que aquel importe sexa destinado a medidas que se adopten en relación co COVID-19”*

Visto o expediente tramitado ao efecto, no que constan memoria de alcaldía e os preceptivos informes de Secretaría e Intervención.

Tendo en conta as especiais circunstancias nas que nos atopamos, de estado de alarma, no que a regulación normativa persegue axilizar os trámites administrativos, e que de acordo co informe de Secretaría, pode considerarse de aplicación ao presente expediente a tramitación prevista no artigo 20.2 do Real Decreto-lei 11/2020, de 31 de marzo, polo que se adoptan medidas urxentes complementarias no ámbito social e económico para facer fronte ao COVID-19, **RESOLVO**

**PRIMEIRO.** Aprobar o expediente de modificación de créditos núm. 2/2020 do vixente orzamento municipal, na modalidade de suplemento de crédito financiado mediante anulacións ou baixas de créditos doutras aplicacións, co seguinte detalle:

#### **Baixas en aplicacións de Gastos**

Aplicación orzamentaria	Descrición	Créditos iniciais	Baixas	Créditos finais
912.48	Órganos de Goberno. Transferencias a familias e institución sen fins de lucro.	5.400	930	4.470

#### **Suplemento en aplicacións de Gastos**

Aplicación orzamentaria	Descrición	Créditos iniciais	Suplemento	Créditos finais
231.221	Asistencia social primaria. Subministracións	500	930	1.430

**SEGUNDO.** Dar conta ao Pleno da Corporación da presente resolución na primeira sesión que celebre para a súa convalidación.

**TERCEIRO.** Unha vez sometido ao Pleno o presente Decreto, publicarase no B.O. da Provincia.

O Pleno da Corporación, na sesión extraordinaria que tivo lugar o día 15 de xuño de 2020, á que asistiron a totalidade dos once concelleiros que legalmente a compoñen adoptou, por unanimidade, o seguinte acordo:

Convalidar o Decreto 74/2020, do 9 de xuño, do teor literal seguinte:

#### **EXPEDIENTE 7/2020. SUPLEMENTO DE CRÉDITO, FINANCIADO MEDIANTE ANULACIÓNS OU BAIXAS DE CRÉDITOS DOUTRAS APLICACIÓNS.**

Visto que, con data do 9 de xuño de 2020, ten entrada no Rexistro Xeral do concello co número 360, escrito do Grupo Municipal Mixto que, como se acredita co certificado de Secretaría, é do teor literal seguinte:

*“Dona Iria Castro Fernández, con DNI..., con domicilio en ..., voceira do Grupo Mixto de Castroverde comunica ó Concello de Castroverde que este Grupo Municipal renuncia á asignación a este Grupo correspondente ó 1º trimestre deste ano, co obxecto de que aquel importe sexa destinado a medidas que se adopten en relación co COVID-19”*

Visto o expediente tramitado ao efecto, no que constan memoria de alcaldía e os preceptivos informes de Secretaría e Intervención.

Tendo en conta as especiais circunstancias nas que nos atopamos, de estado de alarma, no que a regulación normativa persegue axilizar os trámites administrativos, e que de acordo co informe de Secretaría, pode considerarse de aplicación ao presente expediente a tramitación prevista no artigo 20.2 do Real Decreto-lei

11/2020, de 31 de marzo, polo que se adoptan medidas urxentes complementarias no ámbito social e económico para facer fronte ao COVID-19, **RESOLVO**

**PRIMEIRO.** Aprobar o expediente de modificación de créditos núm. 7/2020 do vixente orzamento municipal, na modalidade de suplemento de crédito financiado mediante anulacións ou baixas de créditos doutras aplicacións, co seguinte detalle:

**Baixas en aplicacións de Gastos**

Aplicación orzamentaria	Descrición	Créditos iniciais	Baixas	Créditos finais
912.48	Órganos de Goberno. Transferencias a familias e institución sen fins de lucro.	4.470	300	4.170

**Suplemento en aplicacións de Gastos**

Aplicación orzamentaria	Descrición	Créditos iniciais	Suplemento	Créditos finais
231.221	Asistencia social primaria. Subministracións	1.430	300	1.730

**SEGUNDO.** Dar conta ao Pleno da Corporación da presente resolución na primeira sesión que celebre para a súa convalidación.

**TERCEIRO.** Unha vez sometido ao Pleno o presente Decreto, publicarase no B.O. da Provincia.

Castroverde, 26 de xuño de 2020.- O Alcalde, Xosé María Árias Fernández.

R. 1331

**LÁNCARA**

*Anuncio*

**Contas Municipais**

Formulada e rendida a conta xeral desta Corporación correspondente ó exercicio 2019, integrada polas contas e estados a que fai referencia o artigo 209 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, e informada pola Comisión Especial de Contas, exponse ó público cos documentos que a xustifican, na Secretaría deste Concello, por quince días hábiles, contados a partir do seguinte á inserción deste anuncio no BOP, co obxecto de que os interesados poidan examinala e formular por escrito os reparos e observacións que estimen pertinentes, durante o devandito prazo de exposición e oito días máis, de conformidade co disposto na normativa vixente.

Láncara, 25 de xuño de 2020.- O alcalde, Darío A. Piñeiro López.

R. 1332

**LUGO**

*Anuncio*

Este Concello comunica a exposición pública da matrícula do IMPOSTO SOBRE ACTIVIDADES ECONÓMICAS, correspondente ó exercicio 2020, elaborada pola Axencia Estatal de Administración Tributaria, conforme dispón o artigo 91 do RD Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da lei reguladora das Facendas Locais e o artigo 3 do RD 243/1995, do 17 de febreiro, polo que se dictan normas para a xestión do Imposto sobre Actividades Económicas.

A matrícula, constituída polos censos comprensivos de tódolos suxeitos pasivos que exerzan actividades económicas suxeitas ó IAE, (exentos e non exentos) estará a disposición dos obrigados tributarios ou os seus representantes, durante o prazo de 15 días que comezará a contar dende o día inmediato seguinte ó da publicación deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia, no Servicio de Facenda Local, situado na Rda. Muralla, 197, 2º andar, en horario de oficina (9:00 a 14:00 horas). Así mesmo, a dita matrícula inclúe as cotas provinciais e nacionais cando o enderezo fiscal do suxeito pasivo corresponda a este Concello.

Para a consulta dos datos da matrícula se utilizarán preferentemente medios informáticos mediante atención personalizada, debendo os interesados acreditar a condición de obrigado tributario ou o seu representante para os efectos de facilitarlles o acceso á información tributaria correspondente, por tratarse de datos protexidos de

conformidade co disposto na Lei Orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de Protección de Datos de Caracter Persoal.

Advírtese que a inclusión dun suxeito pasivo na matrícula, así como a exclusión ou alteración de calquera dos datos ós que esta se refire, constitúen actos administrativos contra os que cabe interpoñer, no prazo de 15 días que comezará a contar dende o día seguinte ó do término do período de exposición pública da matrícula, recurso de reposición ante o Delegado da Axencia Estatal de Administración Tributaria de Lugo competente por razón do territorio, ou reclamación ante o Tribunal Económico-Administrativo Rexional no mesmo prazo, sen que poidan simultanearse ámbolos dous recursos (art. 91 do RD Lexislativo 2/2004, do 05/03, e 4 do Real Decreto 243/1995, do 17 de febreiro).

Lugo, 11 de xuño de 2020.- A Tenenta de Alcaldesa Delegada da Área de Gobernanza: Economía e Recursos Humanos, P.D. da Xunta de Goberno Local (Acordo nº 28/452 da XGL, do 17/07/2019), Mercedes Paula Alvarellós Fondo.

R. 1333

---

## MONDOÑEDO

### *Anuncio*

#### **EXPOSICIÓN Ó PÚBLICO E RECADACIÓN DE IMPOSTOS**

En Xunta de Goberno Local de 22 de xuño de 2020 aprobouse o Padrón **da TAXA POR RECOLLIDA DO LIXO DO 3º BIMESTRE E DA TAXA POLA ENTRADA DE VEHÍCULOS A TRAVÉS DE BEIRA RÚAS DO 2020.**

De conformidade co establecido na Lei Xeral Tributaria e nas Ordenanzas Municipais reguladoras, EXPONSE AO PÚBLICO o devandito padrón para que as persoas interesadas, no PRAZO DE QUINCE DIAS contados a partires do anuncio no B.O.P., poidan examinalo e formular as reclamacións que estimen oportunas.

Asemade, faise saber que a taxa obxecto deste anuncio estará ó cobro en PERIODO VOLUNTARIO na oficina de Recadación Municipal, sita na Casa Consistorial, de luns a venres, dende o día 1 de xullo ó 31 de agosto, en días hábiles.

Rematado o prazo en período voluntario os recibos non pagados serán cargados aos Servicios de Recadación da Excma. Diputación Provincial de Lugo para a súa exacción pola vía de constrinximento cos recargos e demais conceptos esixibles (intereses, costas, etc.) de conformidade co disposto no artg. 97 e seguintes do R.X. de Recadación.

Mondoñedo, 23 de xuño de 2020.- O Alcalde, Manuel A.Otero Legide.

R. 1300

---

## OUIROL

### *Anuncio*

#### **Convocatoria de elección de Xuíz de Paz Titular**

De conformidade co disposto nos artigos 4 e 5.1 do Regulamento 3/1995, de 7 de xuño, dos Xuíces de Paz e 101 e 102 da Lei orgánica do Poder Xudicial, faise pública a convocatoria para a elección de Xuíz de Paz titular do concello de Ouiról.

#### **CONVOCATORIA**

1º.- OBXECTO.- Elección de Xuíz de Paz titular do concello de Ouiról polo Pleno do Concello.

2º.- CONDICIÓN LEGAIS QUE DEBEN REUNIR OS SOLICITANTES.-

- Ser español.
- Ser maior de idade.
- Non estar incurso en ningunha das causas de incapacidade que sinala o artigo 303 da Lei orgánica do Poder Xudicial.

3º.- INCOMPATIBILIDADES.- As causas de incompatibilidade ás que se refiren os artigos 389 e seguintes da devandita lei orgánica, operarán con posterioridade ao nomeamento, mediante opción que efectúen os nomeados. Non constitúen causa de incompatibilidade a dedicación á docencia ou á investigación xurídica, e ao exercicio de actividades profesionais ou mercantís sempre que non impliquen asesoramento xurídico de ningún

tipo e que, pola súa natureza, non sexan susceptibles de impedir ou menoscabar a súa imparcialidade ou independencia nin poidan interferir no estrito cumprimento dos deberes xudiciais.

4º.- PRAZO DE PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES.- Quince días hábiles que comezarán a computarse a partir do día seguinte ao da publicación desta convocatoria no Boletín Oficial da Provincia de Lugo.

5º.- DOCUMENTACIÓN QUE DEBE ACHEGARSE COA SOLICITUDE.- A solicitude será facilitada nas oficinas municipais, e acompañarase da seguinte documentación:

- Certificación de nacemento ou fotocopia autenticada do documento nacional de identidade.
- Certificación médica acreditativa de non estar impedido física ou psiquicamente para o exercicio da función xudicial.
- Certificación expedida polo Rexistro Central de Penados e Rebeldes, e declaración complementaria á que fai referencia o artigo 2 da lei 68/1980, do 1 de decembro, no seu punto 1, a), referente a “se se atopa inculpado ou procesado”.
- Xustificante dos méritos que, no seu caso, alegue o solicitante, (deberase especificar a profesión do solicitante).

6º.- LUGAR DE PRESENTACIÓN DAS SOLICITUDES.- No Rexistro Xeral do Concello, (de luns a venres, de 09:00 a 14:00 h), ou ben nos lugares e na forma que determina o artigo 16.4 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

Se a solicitude se presentara por correo ou nun rexistro diferente ao do concello de Oourol, deberase remitir ao fax do concello de Oourol (982 559002) ou ao correo electrónico [concellodeourol@concellodeourol.es](mailto:concellodeourol@concellodeourol.es) comunicando a presentación da solicitude, co selo de Correos ou do rexistro correspondente antes da data de expiración do prazo, o documento xustificativo correspondente.

Oourol, 22 de xuño de 2020.- O alcalde-presidente, José Luis Pajón Camba.

R. 1301

## PARADELA

### *Anuncio*

A Xunta de Goberno Local, en sesión ordinaria celebrada o 11 de xuño de 2020, aprobou as Bases da XXVI Edición do Certame Literario Manuel-Oreste Rodríguez López. Modalidade: narrativa, poesía e Camiño de Santiago, co seguinte tenor literal:

O Concello de Paradelas, co afán de potenciar a creación literaria, convoca a XXVI Edición do Certame Literario Manuel-Oreste Rodríguez López. Modalidade: narrativa, poesía e Camiño de Santiago

#### **BASES XXVI EDICIÓN DO CERTAME LITERARIO MANUEL-ORESTE RODRÍGUEZ LÓPEZ.**

##### **PRIMEIRA.- Participantes.**

Poderán concorrer anualmente ao Certame Literario Manuel-Oreste Rodríguez López, todos os autores que o desexen, calquera que sexa a súa nacionalidade, admitíndose unha soa obra por categoría e autor.

##### **SEGUNDA.- Categorias e requisitos das obras.**

###### Narrativa:

Os relatos terán unha extensión máxima de vinte folios, sen mínimo, mecanografadas (ou a ordenador) e a dobre espazo.

###### Poesía:

As obras de poesía terán unha extensión máxima de 100 versos.

En ambas categorías, deberán ser orixinais, inéditos, non premiados en calquera outro tipo de concurso e estar escritos en galego ou en castelán, debendo estar rematadas con carácter previo á convocatoria.

###### Modalidade Especial Camiño de Santiago.

Cos mesmos requisitos sinalados nos parágrafos anteriores, o paso do Camiño Francés por Paradelas e a celebración no Ano 2021 do Ano Xacobeo, continúa nesta Edición a modalidade relativa ao Camiño de Santiago, en especial referida ao Camiño Francés ao seu paso por Paradelas.

Nesta modalidade concorrerán de xeito conxunto tanto as obras de narrativa coma as de poesía.

**TERCEIRA.- Presentación das obras.**

O prazo de entrega iniciase o día un de outubro de 2020 e rematará o trinta de novembro de 2020.

Enviárase un único exemplar, sen sinatura e cun lema, ao seguinte enderezo:

CONCELLO DE PARADELA

Certame literario

(Modalidade Poesía/Narrativa/Especial Camiño de Santiago)

Rúa Cabaleiros de Santiago, nº 15

27611 Paradela-Lugo

En sobre aparte e pechado, constará o lema que distinga o traballo, e no interior o nome e apelidos do autor/a, D.N.I. ou pasaporte, domicilio, teléfono, poboación de residencia, declaración formal de que a obra é axustada ás normas contidas na base segunda. Abriñense soamente os sobres dos traballos premiados.

No caso de que as obras se remitan mediante correo electrónico, á conta [rix.paradela@eidolocal.es](mailto:rix.paradela@eidolocal.es), deberán enviarse no mesmo correo electrónico, dous arquivos en formato PDF, un co contido da obra e outro onde constará o lema que distinga o traballo, no que conterá, no seu interior, o nome e apelidos do autor/a, D.N.I. ou pasaporte, domicilio, teléfono, poboación de residencia, dirección de correo electrónico (no seu caso) e declaración formal de que a obra é axustada ás normas contidas na base segunda.

Os arquivos PDF referenciaranse do seguinte xeito:

- Datos persoais ou plica, co título da obra.
- O título da obra.

Os arquivos serán custodiados pola Secretaría do Concello, entregando unicamente ao Xurado a obra.

No caso de participación nos tres apartados; deberase concursar en cada modalidade por separado, utilizando un lema propio en cada caso e presentando a obra por separado, facendo constar a modalidade “poesía”, “narrativa” ou “especial Camiño de Santiago”.

En cumprimento do establecido en materia de protección de datos, Regulamento UE 679/2016 e LOPDGDD 3/2018 o CONCELLO DE PARADELA, como Responsable do tratamento, con enderezo Rúa Cabaleiros de Santiago, 15. 27611 PARADELA- LUGO, infórmalle de que os datos facilitados conforme ás bases deste certame, e por tanto, en base o seu consentimento, utilizarémolos coa finalidade de poder xestionar a súa inscrición e participación no “Certame Literario Manuel-Oreste Rodríguez López”. Conservaremos os seus datos ao menos mentres dure o Certame ou mentres dispoñamos do seu consentimento. Os seus datos non serán cedidos salvo obrigacións legais. Non está prevista a transferencia internacional de datos salvo con fines de almacenamento e en todo caso mediante garantías adecuadas.

Pode contactar co responsable, así como exercer os dereitos de acceso, rectificación, supresión, portabilidade, limitación ou oposición ao tratamento, dirixíndose mediante escrito que deberá presentar no Rexistro Xeral do Concello ou por e-mail [concello.paradela@eidolocal.es](mailto:concello.paradela@eidolocal.es). Ten dereito a reclamar ante a Autoridade de Control de protección de datos. Para información adicional pode consultar no noso Concello a través do correo [concello.paradela@eidolocal.es](mailto:concello.paradela@eidolocal.es).

**CUARTA.- Premios.**Modalidade narrativa:

1º Premio: mil euros (1.00,00 €)

2º Premio: cincocentos euros (500,00 €)

Modalidade poesía:

1º Premio: mil euros (1.00,00 €)

2º Premio: cincocentos euros (500,00 €)

Modalidade especial Camiño de Santiago

1º Premio: mil euros (1.00,00 €)

O xurado reservase a facultade de conceder dous accésits (carentes de dotación económica), en cada categoría, asemade poderá conceder ata dúas mencións de honra como máximo (carentes de dotación económica) en cada categoría.

O autor ou autores premiados convocarase ao acto de entrega de premios, o día que estableza o xurado.

**QUINTA.- Fallo do Xurado.**

O Xurado designado polo Concello de Paradela emitirá o seu fallo no mes de maio de 2021 e farase público polos medios de comunicación e nas páxinas web do concello [www.paradela.es](http://www.paradela.es) e [www.concelloparadela.es](http://www.concelloparadela.es); comunicándose persoalmente aos gañadores.

O Xurado pode deixar deserto o premio en calquera das categorías obxecto do certame; e a súa decisión será inapelable.

**SEXTA.- Dereitos sobre as obras presentadas.**

O Concello de Paradela resérvase, en exclusiva, o dereito de edición das obras premiadas, accésits e mencións de honra durante o prazo máximo de doce meses, contados dende o momento do fallo.

Os autores que resulten galardoados cos premios, accésits e mencións de honra non poderán solicitar unha vez producido o fallo que non se publique a obra ao non haber obtido premio con dotación económica e haber concorrido a outros certames coa mesma obra.

As obras non premiadas, así como as súas correspondentes plicas, non serán devoltas, sendo destruídas despois da proclamación de gañadores do certame literario Manuel Oreste Rodríguez López- XXVI Edición.

**SÉTIMA.- Prerrogativas.**

A resolución de todas as cuestións que poidan xurdir ou formularse nesta convocatoria son de exclusiva competencia do Concello de Paradela e do Xurado.

Paradela, 16 de xuño de 2020.- O Alcalde-Presidente, José Manuel Mato Díaz.

R. 1335

---

**RIBAS DE SIL***Anuncio*

Aprobado por Decreto da Alcaldía de data 18/06/2020 o padrón da taxa polo Servizo de axuda no fogar do mes de maio de 2020; por medio do presente expone ao público por prazo de 15 días, contados a partir do día seguinte ó da súa inserción no BOP ao obxecto de que poida ser examinado e presentar as reclamacións que estimen pertinentes, considerándose definitivamente aprobado se, transcorrido o prazo de exposición pública, non se formulara ningunha reclamación contra o mesmo.

Contra o acordo de aprobación do devandito padrón poderá interpoñerse recurso de reposición ante o propio alcalde polo prazo de un mes, contado dende o día inmediato seguinte ó de finalización do período de exposición ó público. Contra a resolución expresa ou presunta do recurso de reposición poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo na forma e prazos que a tal efecto se establecen na Lei reguladora da referida xurisdición.

O mesmo tempo establece un período de cobranza en fase de ingreso voluntario de dous meses. Transcorrido o prazo de pago en período voluntario, iniciarase o período executivo nos termos dos artigos 26 e 28 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria; procedéndose a súa recadación pola vía administrativa de constrinximento, a través do Servizo de Recadación da Deputación de Lugo de acordo co establecido no artigo 161 da devandita Lei.

A presente publicación, no suposto de exposición ó público do padrón e anuncio de cobranza, ten o carácter de notificación colectiva ó amparo do establecido no artigo 102.3 da Lei Xeral Tributaria.

Ribas de Sil, 22 de xuño de 2020.- O alcalde, Miguel Angel Sotuela Vega.

R. 1336

---

**TABOADA***Anuncio***DELEGACIÓN DE FUNCIONS DE ALCALDÍA NUN CONCELLEIRO.**

Por Resolución de Alcaldía de data 12 de xullo de 2019 aprobouse a Resolución cuxa parte dispositiva se transcribe literalmente:

**PRIMEIRO.** Designar a Don Luis Gómez García, Segundo Tenente de Alcalde a competencia para asistir sesión plenaria ás 13:00 horas, no Salón de Plenos do Concello de Monforte de Lemos e a sinatura dos documentos derivados da celebración da mesma.

**SEGUNDO.** A delegación conferida na presente resolución requirirá para a súa eficacia a aceptación do órgano delegado, entendéndose esta outorgada tacitamente se non se formula ante esta Alcaldía expresa manifestación de non aceptación da delegación no termo de tres días hábiles contados dende o seguinte a aquel en que lle sexa notificada esta resolución.

**TERCEIRO.** A presente resolución ratifícase polo Pleno da Corporación na primeira sesión que esta celebre e será publicada un extracto no Boletín Oficial de la Provincia de Lugo.

**CUARTO.** No non previsto expresamente nesta resolución aplicaranse directamente as previsións da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, e do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, en canto ás regras que para a delegación se establecen en ditas normas.

**QUINTO.** Contra este Decreto, que pon fin á vía administrativa, de conformidade co lo que establece o artigo 52 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, e de acordo co que dispón o artigo 123 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Pública, poderá interperse, con carácter previo e potestativo, Recurso de Reposición ante a Alcaldía de este Concello, no termo de un mes a contar dende o día seguinte á recepción da súa notificación, ou ben directamente recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Lugo, no termo de dous meses a contar dende o día seguinte á recepción da súa notificación. Non obstante, poderá interperse calquera outro, si o considera conveniente.

Taboada, 18 de xuño de 2020.- O Alcalde, Ramiro Moure Ansoar.

R. 1302

### *Anuncio*

#### **ANUNCIO CONVOCATORIA DE AXUDAS PARA A REACTIVACIÓN DA ACTIVIDADE ECONÓMICA NO TERMO MUNICIPAL DE TABOADA, PARA PALIAR OS EFECTOS DA COVID-19: LIÑA DE AXUDAS PARA AUTÓNOMOS/AS E ENTIDADES MERCANTÍS OBRIGADOS A SUSPENDER A APERTURA AO PÚBLICO SEGUNDOO R.D. 463/2020 DE 14 DE MARZO**

O Pleno do Concello de Taboada, en sesión extraordinaria celebrada o día 16 de xuño de 2020 acordou a aprobar as bases que rexeran a convocatoria "LIÑA DE AXUDAS PARA A REACTIVACIÓN DA ACTIVIDADE ECONÓMICA NO TERMO MUNICIPAL DE TABOADA, PARA PALIAR OS EFECTOS DO COVID-19: LIÑA DE AXUDAS PARA AUTÓNOMOS/AS E ENTIDADES MERCANTÍS OBRIGADOS A SUSPENDER A APERTURA AO PÚBLICO SEGÚN R.D. 463/2020 DE 14 DE MARZO" que resultan ser as seguintes:

<< LIÑA DE AXUDAS PARA A REACTIVACIÓN DA ACTIVIDADE ECONÓMICA NO TERMO MUNICIPAL DE TABOADA, PARA PALIAR OS EFECTOS DA COVID-19: LIÑA DE AXUDAS PARA AUTÓNOMOS/AS E ENTIDADES MERCANTÍS OBRIGADOS A SUSPENDER A APERTURA AO PÚBLICO SEGUNDOO R.D. 463/2020 DE 14 DE MARZO

#### **EXPOSICIÓN DE MOTIVOS**

As circunstancias extraordinarias xeradas polo brote de coronavirus COVID-19 provocan unha crise sanitaria de enorme magnitude que afectou e segue a afectar a un elevado número de cidadáns e familias con consecuencias sanitarias, sociais e económicas excepcionais, que requiren a adopción de medidas extraordinarias para axudar a mitigar o impacto causado por este brote pandémico, considerando que nos atopamos ante una situación de causa de forza maior.

O Concello de Taboada considera vital o papel a desempeñar na crise económica e de emprego actual, implicándose no desenvolvemento económico local e reactivando o emprego, mediante o deseño dunha estratexia de promoción económica que se adapte ás necesidades dos pequenos empresarios do municipio.

Ese rol que cumpren as estruturas locais de apoio ao desenvolvemento local e ao emprego, lonxe de invadir competencias ou producir duplicidade algunha, fan posible tamén a efectividade da dimensión local do emprego que apunta tanto a Lei Nacional de Emprego (art. 4, R.D.L. 3/2015), como a Comisión Europea, que no seu documento de Actuación local a favor do emprego para unha estratexia europea do emprego define o ámbito local como aquel nivel que permite detectar as necesidades locais non satisfeitas, polo que lonxe de ser un ámbito no que unicamente se poñan en práctica decisións adoptadas noutros ámbitos pode combinar diferentes instrumentos e desenvolver formas de dar valor engadido ás decisións tomadas en niveis superiores acadando un máis axeitado nivel de precisión en cada territorio.

Ao anterior é preciso engadir que ante una causa de forza maior, resulta idóneo realizar una interpretación da norma acorde co fin que se pretende co obxecto da presente convocatoria, polo que é necesario facer mención ao contido do artigo 25 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, tras a modificación operada pola Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local, no que respecta, en concreto, ás competencias propias, e considerando que non se trata dunha relación pechada.



Cabe sinalar a existencia neste Concello dun Plan Estratéxico de Subvencións, que en parte resulta idóneo para dar cobertura á liña de axudas que se regulan mediante as presentes Bases reguladoras.

Por último, resulta latente que o fin pretendido coa presente convocatoria tratase dunha iniciativa de interese público enfocada aos eidos social, empresarial e de protección do emprego.

#### 1.OBXECTO DA PRESENTE CONVOCATORIA.

O obxecto da presente convocatoria é paliar e actuar de maneira inmediata dende o Concello de Taboada ante as consecuencias derivadas da crise económica provocada pola COVID-19, e impulsar a actividade económica no termo municipal de Taboada, que se viu drasticamente afectada polas consecuencias da pandemia, outorgando unha axuda para paliar as perdas económicas ás persoas autónomas e entidades mercantís, con ou sen personalidade xurídica, de Taboada, afectadas directamente como consecuencia da suspensión da apertura ao público establecida no R.D. 463/2020, de 14 de marzo, polo que se declara o estado de alarma para a xestión da situación de crise sanitaria ocasionada pola COVID-19, para contribuír a facilitar o cumprimento das súas obrigas, axudar ao mantemento da actividade económica no tempo e así acadar a debida protección do emprego.

Preténdese protexer o interese xeral dos veciños de Taboada, ante una situación de forza maior, dando soporte ás persoas autónomas con establecementos pechados, para minimizar o impacto da crise económica provocada pola COVID-19 e coadjuvar para que, unha vez finalizada a alarma sanitaria, se produza canto antes unha reactivación da economía do noso municipio, actuando directamente sobre os colectivos e as persoas físicas máis afectadas, como as persoas autónomas.

#### 2.NORMATIVA APLICABLE.

A presente convocatoria rexerese, polo disposto nas bases reguladoras e, con carácter xeral, polo disposto na Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións (en diante LXS) e o seu Regulamento de desenvolvemento, aprobado por Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo (en diante RLXS), e na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia e, de forma supletoria, na Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas e calquera outra disposición normativa que pola súa natureza puidese resultar de aplicación.

A presente convocatoria modifica o Plan Estratéxico de Subvencións vixente no Concello de Taboada para o exercicio económico 2020, incluíndo no mesmo a presente liña de axudas para a reactivación da actividade económica do municipio por causa de forza maior motivada pola crise da COVID-19, e, en consecuencia, resultarán modificadas as bases de execución do Orzamento 2020 no que respecta ás subvencións e os seus respectivos procedementos.

A xestión destas subvencións suxeitarase aos principios de publicidade, concorrencia, transparencia, obxectividade, igualdade e non discriminación, así como á eficacia no cumprimento de obxectivos e eficiencia na asignación e utilización dos recursos públicos.

A súa tramitación realizarase preferiblemente por medios electrónicos, en aplicación do disposto no artigo 14.3 da Lei 39/2015, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, ou presencial.

#### 3.CRÉDITO ORZAMENTARIO.

A contía destinada a atender ás solicitudes destas subvencións ascende a un importe de 24.000,00 € do vixente orzamento municipal, con cargo á aplicación orzamentaria 433.480, e financiada integramente con cargo ao Plan Único de Cooperación cos Concellos da Deputación Provincial de Lugo para o ano 2020.

Este orzamento poderá ser obxecto de modificacións como consecuencia da asignación ou da redistribución de fondos para o financiamento deste programa.

Así mesmo, no caso de que finalizado o prazo de solicitude se tiveran presentado un número de solicitudes para o que non foran dabondo as contías inicialmente consignadas, poderanse ampliar os créditos ata a cobertura do maior número delas posible con cargo a fondos propios.

#### 4.CONTÍA DAS AXUDAS.

Con base no artigo 30.7 da LXS:

Concederase unha contía fixa de 800,00 €, para persoas físicas autónomas de calquera tipo e entidades mercantís con o usen personalidade xurídica propia, que teñan unha actividade afectada polo peche de establecementos disposto no RD 463/2020 de 14 de marzo. Realizarase unha única solicitude por establecemento.

Estas axudas serán compatibles con calquera outra concedida por entidades públicas ou privadas, estatais ou internacionais, sempre que o importe total das axudas percibidas polo mesmo concepto non supere o custo total dos gastos subvencionables polas presentes axudas.

#### 5.REQUISITOS PARA SER BENEFICIARIO/A DAS AXUDAS.

1.- Poderán solicitar esta subvención aquelas persoas físicas autónomas e entidades mercantís con ou sen personalidade xurídica propia, que motivan a concesión da subvención, e que cumpran os seguintes requisitos:

a) Que a actividade que desenvolve o beneficiario ou entidade se atope no termo municipal de Taboada, e que se tivera visto afectada polo peche de establecementos disposto no RD 463/2020 de 14 de marzo (o *cumprimento de dito requisito será verificado pola administración municipal mediante o domicilio de actividade que figura na alta no censo de obrigados tributarios nesta data*).

b) Estar dado de alta no réxime da Seguridade Social ou na Mutua profesional correspondente e en Facenda no momento da presentación da instancia.

c) Non atoparse incurso en ningunha das circunstancias recollidas no artigo 13.2 e 13.3 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, e en particular, estar ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias coa Facenda estatal (AEAT) e coa Tesourería Xeral da Seguridade Social (TGSS). Este requisito debe cumprirse desde a data de presentación da solicitude ata a data do pagamento da subvención, no seu caso. (*Dito requisito será declarado responsablemente polo solicitante no modelo normalizado de solicitude de subvención no Anexo I*).

d) Non ter débeda algunha pendente co Concello de Taboada. Este requisito verificarase de oficio pola Administración e debe cumprirse desde a data de presentación da solicitude ata a data do pagamento da subvención, no seu caso. (*Dito requisito será comprobado de oficio pola administración municipal*).

e) En caso de comunidades de bens, sociedades civís ou outras entidades económicas sen personalidade xurídica debe nomearse un representante apoderado, con poderes bastantes para cumprir as obrigas que corresponden á agrupación ou comunidade de bens. Así mesmo, e nos termos previstos no artigo 11.3 LXS, a agrupación ou comunidade de bens non poderá disolverse ata que transcorra o prazo de prescrición a que fan referencia os artigos 39 e 65 LXS. Así mesmo, en caso de concesión da subvención, a resolución conterá as porcentaxes de participación das persoas integrantes na entidade beneficiaria, en función dos cales participarán nos dereitos e obrigas derivados do outorgamento da subvención, e no seu caso, do seu reintegro.

#### 6. PRAZO E FORMA DE PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES.

1.- O prazo de presentación de solicitudes será de vinte días hábiles a partir do día seguinte á publicación do extracto da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia de Lugo (BOP).

2.- As presentes bases, xunto co modelo de solicitude normalizado para a obtención das subvencións reguladas na presente convocatoria estará dispoñible na web municipal [www.concellotaboada.es](http://www.concellotaboada.es)

3.- As solicitudes, que deberán dirixirse ao Señor Alcalde do Concello de Taboada, poderán presentarse:

a) por vía telemática a través da Sede Electrónica do Concello de Taboada accesible a través do enlace <https://taboada.sedelectronica.gal> utilizando o formulario xenérico de solicitude dispoñible na sede. Para a presentación de solicitude por medios electrónicos, é necesario dispoñer dos certificados electrónicos recoñecidos ou cualificados de sinatura electrónica.

b) PRESENCIAL, solicitando cita previa no número 982 46 53 01 extensión 3001.

4.- A presentación da solicitude de subvención fora do prazo establecido e a non utilización, no seu caso, do formulario normalizado de uso obrigatorio, serán causas de non admisión da solicitude.

#### 7. DOCUMENTACIÓN A ACHEGAR.

1.- A solicitude normalizada deberá estar asinada pola persoa interesada ou o seu representante legal e debe acompañarse obrigatoriamente da seguinte documentación:

A. En caso de persoa física autónoma:

a) DNI ou NIE.

b) Certificado actualizado de Situación Censual que indique a actividade económica coa súa data de alta, o domicilio fiscal ou no seu caso o do local de desenvolvemento da actividade, ou autorización para a súa comprobación.

c) Resolución/certificación do alta no Réxime Especial de Traballadores Autónomos ou a Mutua profesional correspondente.

d) Modelo designación de conta bancaria ou certificación bancaria.

B. En caso de sociedade, comunidade de bens ou outras entidades económicas sen personalidade xurídica:

a) CIF da sociedade, comunidade de bens ou outras entidades económicas sen personalidade xurídica.

b) Certificado actualizado de Situación Censual da sociedade, comunidade de bens ou outras entidades económicas sen personalidade xurídica que indique a actividade económica coa súa data de alta, o domicilio fiscal ou no seu caso o local de desenvolvemento da actividade.

c) Escritura/contrato de constitución da sociedade, comunidade de bens ou outras entidades económicas sen personalidade xurídica.

d) DNI/NIE e acreditación dos poderes da persoa administradora e da que presenta a solicitude en caso de non ser a mesma persoa.

e) Resolución/certificación do alta no RETA da persoa autónoma.

f) Modelo de designación de conta bancaria ou certificación bancaria.

2.- Deberase presentar así mesmo unha declaración xurada asinada pola persoa interesada ou representante legal ou apoderado da persoa ou entidade solicitante que conterà o pronunciamento expreso sobre as seguintes cuestións:

- Que a actividade desenvolvida viuse afectada polo peche de establecementos disposto RD 465/2020 de 17 de marzo que modifica o artigo 10 do RD 463/2020 de 14 de marzo.

- Que a persoa solicitante asume o compromiso de destinar a subvención á finalidade prevista.

- Que a persoa solicitante non está incurso nas prohibicións para obter a condición de beneficiaria e para ser receptora do pago establecido na Lei 38/2003, de 17 de novembro, e en concreto apartados 2 e 3 do artigo 13 e o apartado 5 do artigo 34 da mesma.

- Que a persoa solicitante comprométese ao cumprimento das obrigas das persoas beneficiarias de subvencións, establecidas no artigo 14 da Lei 38/2003, de 17 de novembro.

- Que a persoa solicitante comprométese á comunicación de subvencións concedidas con anterioridade á presentación da subvención coa mesma finalidade e o compromiso de comunicar o máis axiña posible as axudas obtidas con posterioridade á presentación da solicitude e antes da resolución da mesma, sen que en ningún caso, no seu conxunto, superen o 100% dos gastos subvencionables.

- Que en caso de tratarse dunha comunidade de bens, sociedade ou outra entidade económica sen personalidade xurídica non se disolverá ata que transcorra o prazo de prescrición previsto nos artigos 39 e 65 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, de acordo co establecido no artigo 11 de devandita lei.

3.- Certificados de acharse ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias coa Axencia Estatal da Administración Tributaria (AEAT) e fronte á Seguridade Social (TGSS).

#### 8. PROCEDEMENTO E INSTRUCIÓN DO PROCEDEMENTO. RESOLUCIÓN.

1.- O procedemento de tramitación e concesións de axudas solicitadas ao abeiro desta convocatoria axustarase ao disposto no artigo 19.2 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de Subvencións de Galicia e, polo tanto, no ten a consideración de concorrencia competitiva, senón que a concesión de axuda realizarase pola comprobación do cumprimento polos solicitantes dos requisitos establecidos nestas bases, ata o esgotamento do crédito orzamentario.

2.- A instrución do procedemento corresponderá á Alcaldía, que realizará de oficio cantas actuacións estime necesarias para a determinación, coñecemento e comprobación dos datos en virtude dos cales deba formularse a proposta de resolución.

3.- Nomease unha Comisión de Verificación, composta polo señor Alcalde do Concello de Taboada ou concelleiro/a no que delegue, que actuará como Presidente, por un concelleiro/a do Partido Socialista e pola Secretaria-Interventora do Concello de Taboada, que asistirá tecnicamente á Comisión e actuará coma Secretaria. Corresponde a esta Comisión de Verificación a interpretación e aclaración das dúbidas que se presenten na aplicación das presentes bases. A devandita Comisión elevará proposta de Resolución á Alcaldía, que resolverá o expediente.

4.- A concesión da subvención efectuarase en réxime de concorrencia non competitiva, establecéndose como criterio de ordenación (a efectos soamente de orde de tramitación) a data e hora de entrada que figuren rexistradas na solicitude, reunindo a totalidade de requisitos e documentación requirida na convocatoria. En caso de non presentar a solicitude coa documentación completa, considerarase como data de Rexistro de Entrada a da última presentación de documentación relativa á devandita solicitude. A concesión de axudas efectuarase ata esgotar o crédito dispoñible destinado a atender as mesmas.

5.- A Alcaldía comprobará pola súa orde cronolóxica de presentación as solicitudes recibidas. Aquelas solicitudes que cumpran cos requisitos esixidos, ata esgotar o crédito inicial dispoñible da convocatoria, serán propostas para ser resoltas favorablemente.

6.- Se resultase que a documentación está incompleta ou é defectuosa, requiriráselle ao solicitante para que no prazo de dez (10) días a partir do día seguinte á data de notificación, achegue a documentación necesaria ou corrixa os defectos observados, facéndolle saber que, no caso de incumprimento, entenderase que desiste da súa solicitude.

7.- As notificacións de resolucións e actos administrativos practicaranse nos termos previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

## 8. PAGAMENTO DA SUBVENCIÓN.

